

Xohana Torres. *Tempo de ría*

Román Raña

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RAÑA, ROMÁN. (2011 [1993]). “Xohana Torres. *Tempo de ría*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 186-188. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1304>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RAÑA, ROMÁN (1993). “Xohana Torres. *Tempo de ría*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 186-188.

* Edición dispoñíbel desde o 19 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Xohana Torres. *Tempo de ría*
A Coruña: Edicións Espiral Maior

Román Raña

Xohana Torres (1931) é autora de obra demorada. Tres, ata o de agora, son os seus poemarios publicados. No ano 1959 editábase o primeiro, *Do sulco*, revelador da personalidade creativa da autora, xa identificada por algunhas características principais: discurso fluído, culto, impactante no seu poderío imaxinístico. A autora adscribíase, así, á corrente intimista de posguerra, mais coa diferenciación propia da súa peculiaridade vital, vitalista, visionaria. No ano 1980 confirmaba estes indicios prometedores publicando *Estacións ao mar*. A voz da poetisa alcanzaba madurez plena, impulso cósmico e confusión onírica, aspectos, todos eles, confirmadores dunha dirección poética absolutamente persoal que a situaba, xa, nun dos cimos da nosa historia literaria.

No ano 1992 aparece *Tempo de ría*. A obra divídese en dúas partes. Despois de dous poemas introductorios onde achamos desde recordacións viaxeiras (“LONGA estación...”) ata amistades cidadinas (“Laxeiro en Vigo”), entramos na primeira sección, que contén cinco composicións. A maioría delas, como no resto da segunda parte, son descriptivas. A paisaxe en Xohana Torres asume a condición de espello dos estados de alma, propiciando, con frecuencia, reflexións de índole existencial e vivencial. Singular dentro desta perspectiva resulta o poema “Penélope”, onde a autora non exclúe a ironía. Despois dun inicial oráculo de alusións enormemente crípticas, atopamos o final, que emula o inimitable humor dun Cunqueiro:

Así falou Penélope:
“Existe a maxia e pode ser de todos.
¿a que tanto novelo e tanta historia?”

A segunda sección contén vinteún poemas que non difiren substancialmente do quefacer poético da primeira parte. Así a preocupación central á que se adhíren temas e perspectivas plurais é a da contemplación vivencial da natureza, normalmente desde a intimidade do fogar:

*Nada máis entreabertos os ollos
danados polo sol, a claridade restitúe
esa visión de casas nas orelas,
limoeiros e mastros.*

Surxe, entón, un sensorialismo exposto con exquisita sensibilidade, como nesta percepción da mudanza das estacións:

Propicio olor avisa das orixes de marzo.

Unha vez que o poeta sente as sutilezas mínimas do cosmos natural experimentábase unha comunión cos ámbitos, alcanzando, cremos, os momentos máis conseguidos do poemario tanto estética como emocionalmente:

*Estase ben no chan, ser cómplice da folla.
Cos ollos entornados a vida é de faíscas.*

A vivencia da natureza posibilita experiencias próximas á disolución do “eu”. Deste xeito lemos a intuición escrupulosa da aniquilación:

*A uns pasos de eiquí está o principio
de algo que nos devasta.*

Os meteoros producen na alma da poetisa ese trascendente meditar nas esencias metafísicas e reaccións case biolóxicas, cutáneas e profundas, expresadas con ímpeto e beleza:

*Có tempo húmido iso tan de todos:
que somos, que valemos. Unha tolemia
devóranos cando a vila se molla.*

O entorno posibilita reflexións desta índole e, tamén, constatacións de tristeza impar. Así acontece cando o artista chega á conclusión de que vivir é padecer algunha vez un cataclismo:

*A longa referencia da nosa viaxe propia
que nos converte algunha vez en náufragos.*

A existencia é un camiño de naufraxio, a natureza un espello da ánima da creadora, da súa aniquilación emocional:

*Ter esperado tanto pola felicidade
que todo o mundo quere, chama, cita
e ven un sopro e alí vacila o páxaro
e na vaga do norte mórrase ún de todo.*

Convén sinalar, tamén, o uso dunha técnica case telegráfica na enumeración de aparicións visuais e sensacións rápidas (como exemplo máximo o poema “É a forza crúa do sol”). Igualmente a inclusión, dentro dun estilo discursivo, de apotegmas visionarios: “Perdido o paraíso é clemencia a baía”; “O destino é un mapa coa ruta que soñamos”.

De igual modo é significativa a utilización de títulos que remiten ás raíces surrealistas pola violenta fermosura das asociacións verbais e imaxinísticas, logrando momentos de inusitada intensidade poética: “Chámome imaxe a malva luz da hora. Ás veces ven a néboa a que me muda de todo”; “Alas de ondas rendidas e nacendo”; “As cousas que non son e que aparecen”.

Finalmente podemos mencionar o emprego de versos hendecasílabos, alexandrinos e heptasílabos sabiamente combinados e outorgadores dunha impronta cadenciosa que permanece na memoria do lector como un dos atributos deste libro pródigo.